



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE ONCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE**  
**(ACTA NÚMERO 27)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández- Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **once de setembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Manuel Roel Hernández- Serrano, Interventor Adxunto.

No asiste a Sra. Deputada D<sup>a</sup> Mónica Freire Rancaño.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de setembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS FOTOGRÁFICOS E DE APOIO PARA A ÁREA DE CULTURA, CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO E REDE MUSEÍSTICA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e co visto e prace do Presidente do seguinte teor:

“Asunto: Ampliación do prazo de execución do contrato de servizos fotográficos e de apoio para a Área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística.

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial en sesión que tivo lugar na data do 7 de abril do 2017, procedeuse a adxudicación da contratación dos servizos fotográficos e de apoio para a área de cultura, centro de artesanía e rede museística a favor de Germán Limeres López. A formalización do contrato de referencia efectuouse na data do 14 de setembro do 2017.



Na cláusula terceira do contrato, determínase que: “O contrato terá unha duración de 24 meses”.

A cláusula quinta do PCAP recolle que: “O contrato terá unha duración de 2 anos, contados a partir da data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde a formalización do contrato administrativo.

Se se producise atraso no cumprimento dos prazos de inicio da prestación do servizo por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga, de conformidade co establecido no artigo 303 do TRLCSP, sen que a duración total, incluída a prórroga exceda de tres anos.”

Por Resolución da Presidencia de data 13 de setembro de 2019, procedeuse á prórroga contractual, por prazo dun ano, polo que o vixente contrato expira o día 13 de setembro de 2020.

O adxudicatario do contrato solicita a ampliación do prazo de execución, debido a imprevistos coxunturais, xa que lle resulta imposible a consecución do mesmo para o día 13 de setembro de 2020.

A responsable do contrato, Dona Encarna Lago González, Xerente da Rede Museística Provincial, trasladou ao Servizo de Contratación e Fomento, informe favorable sobre a solicitude de prórroga do contrato que di:

(...) “Que debido ao estado de alarma Covid19 os museos da Rede Museística Provincial permaneceron pechados dende o 14 de marzo ata finais do mes de xuño de 2020, período no cal quedou suspendida toda actividade presencial nos museos.

De acordo co previsto na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), apartado segundo “Os contratos administrativos

adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”. Considerando que a adxudicación do contrato con número de expediente realizouse con data do 28 de xullo do 2017 e que a entrada en vigor da LCSP produciuse na data do 9 de marzo do 2018, de acordo co previsto ao efecto na disposición final décimo sexta da devandita lei, resulta de aplicación á tramitación da prórroga do presente contrato as determinacións que ao efecto establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En relación ao prazo de duración dos contratos, o art. 23.2 do TRLCSP establece que: “El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluídos los períodos de prórroga. La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes”. Neste caso, no prego reitor, como “*lex contractus*” está prevista unha prórroga de un ano.

Polo que se refire á execución do contrato, na cláusula quinta do PCAP, reitor da contratación recóllese a posibilidade de ampliar o prazo de execución se se producise atraso no cumprimento dos prazos de inicio da prestación do servizo, por un tempo igual ao perdido, salvo que o contratista solicite outro menor. Se ben o retraso se produce, neste caso, durante a execución do contrato, o artigo 212 do TRLCSP, recolle que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva, engadindo o artigo 213.2 do mesmo texto legal – que nestes supostos, se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e éste ofrecera cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo sinalado, se lle concederá pola Administración un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.



Germán Limeres López presenta a solicitude referente a prórroga do contrato, polo quen non é preciso dar audiencia ao contratista, na medida en que este trámite se estima cumprido mediante a solicitude de prórroga realizada por medio de escrito.

Pondérase que, na súa condición de responsable do contrato, Dona Encarna Lago González, propugna ou postula a prórroga, xa que asina informe do 10 de agosto do 2020 nos termos precisados no apartado 4º precedente e incorporado ao expediente.

En síntese e de acordo cos razoamentos expostos no informe aos que nos remitimos, proponse unha prórroga de catro meses ao abeiro do establecido na cláusula quinta do PCAP.

En todo caso, debera darse traslado a intervención a efectos de fiscalización previa a emisión da resolución.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.

### Conclusión:

Entendemos, consonte cos antecedentes e documentación incorporada ao expediente, que o órgano competente pode autorizar a prórroga solicitada e informada polo responsable do contrato, axustada ao establecido no prego reitor, para continuar cumprindo ás prestacións contractuais, fixándose a mesma no prazo de 4 meses, mantendo inalteradas, durante a prorroga, as condicións e características contractuais.”

Consta no expediente fiscalización de conformidade.

Polo que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato relativo aos servizos fotográficos e de apoio para a área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística, a favor de D. Germán Limeres López, nos seguinte termos:

**2º.-** A ampliación do prazo de execución terá unha duración de catro meses, desde o 14 de setembro de 2020 ao 13 de xaneiro de 2021, en termos de cómputo de data a data, mantendo inalteradas, durante a ampliación do prazo, as condicións e obrigas contractuais. A ampliación do prazo non supón obrigas económicas para a Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.**

**Primeiro.-** *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración ó Parque Móbil, no mes de maio do 2019, dunha caixa de abrazadeiras para un camión.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 04/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:



| ACREDOR                | Nº FACTURA     | DATA DE EMISIÓN | REXISTRO XERAL  |        | CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM                                                                  | IMPORTE DA FACTURA |
|------------------------|----------------|-----------------|-----------------|--------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
|                        |                |                 | DATA DE ENTRADA | NÚMERO |                                                                                                     |                    |
| Talleres Piñeiro, S.L. | 2000066-000001 | 31/05/2019      | 04/06/2019      | 13.152 | Subministración ó Parque Móbil, no mes de maio do 2019, dunha caixa de abrazadeiras para un camión. | 594,21 €           |
| TOTAL                  |                |                 |                 |        |                                                                                                     | 594,21 €           |

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada e con dilixencia do Parque Móbil, de data 24/06/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e co prezo, e á súa vez, conformada a factura polo naquela data Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 13/04/2020, polo representante de Talleres Piñeiro, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 24/06/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida polo Adxunto ao Xefe do Parque Móbil.

Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 16/04/2020, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe - Proposta deste Servizo, de data 03/07/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 06/07/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 19/9201.214, polo importe total da factura.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 06/07/2020, no que se dí que non constan outros contratos menores dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019, que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato. Existindo crédito no vixente orzamento na aplicación 20/9201.214 (ADO: 92020/3831).

Resolución da Presidencia, de data 01/09/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 27/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Talleres Piñeiro, S.L. que seguidamente se relacionan:

| Nº FACTURA                               | DATA       | IMPORTE | CONCEPTO                                                                                                  | APLICACIÓN | ADO        |
|------------------------------------------|------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|
| 2000066-000001 GTM<br>2020/FAC_01/000578 | 31/05/2019 | 594,21  | Subministración ao Parque Móbil no<br>mes de maio do 2019, dunha caixa de<br>abrazadeiras para un camión. | 9201.214   | 92020/3831 |
| SUMA                                     |            | 594,21  |                                                                                                           |            |            |



Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 594,21 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de

novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”



“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 6 de xullo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

| ACREDITORES            | Nº FACTURA     | DATA     | IMPORTE | APLICACIÓN |
|------------------------|----------------|----------|---------|------------|
| Talleres Piñeiro, S.L. | 2000066-000001 | 31/05/19 | 594,21  | 9201.214   |
| SUMA                   |                |          | 594,21  |            |

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 6 de xullo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi maio de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 594,21 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a esixencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

## Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.



A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, á interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

### Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase

tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

| ACREDOR                | Nº FACTURA     | DATA DE EMISIÓN | CONCEPTO                                                                                             | IMPORTE DA FACTURA |
|------------------------|----------------|-----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Talleres Piñeiro, S.L. | 2000066-000001 | 31/05/2019      | Subministración ó Parque Móbil, no mes de maio do 2019, dunha caixa de abrazadeiras para un camiión. | 594,21 €           |
| TOTAL                  |                |                 |                                                                                                      | 594,21 €           |

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Talleres Piñeiro, S.L.:

Nº 2000066-000001 de data 31/05/2019, correspondente á subministración ó Parque Móbil, no mes de maio do 2019, dunha caixa de abrazadeiras para un camiión, dun importe total de 594,21 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**Segundo.-** *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración ó Parque Móbil, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos e de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 04/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

| ACREDOR               | Nº FACTURA   | DATA DE EMISIÓN | REXISTRO XERAL  |               | CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM                                                                                                                            | IMPORTE DA FACTURA |
|-----------------------|--------------|-----------------|-----------------|---------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
|                       |              |                 | DATA DE ENTRADA | NÚMERO        |                                                                                                                                                               |                    |
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-17352 | 30/09/2019      | 03/10/2019      | 20.902        | Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos.2020/FAC_01/000521                          | 2.833,68 €         |
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-19299 | 31/10/2019      | 07/11/2019      | 2019RPE024544 | Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria.2020/FAC_01/000520 | 2.184,51 €         |
| TOTAL                 |              |                 |                 |               |                                                                                                                                                               | 5.018,19 €         |

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada e con dilixencia do Parque Móbil (de data 10/10/2019 no caso da factura Nº 2019-M-17352 e de data 18/11/2019 no caso da factura Nº 2019-M-19299) de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e co prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 04/05/2020, polo representante de Recambios Infra, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 10/10/2019 no caso da factura Nº 2019-M-17352, e de data 18/11/2019 no caso da factura Nº 2019-M-19299), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Xefe do Parque Móbil.

Informe para cada unha das facturas do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 20/05/2020, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe de data 20/05/2020 para cada unha das facturas, do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, xustificando a necesidade de realización das prestacións contidas nas facturas.

Informe – Proposta deste Servizo, de data 01/06/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 04/06/2020 para cada unha das facturas, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 19/9201.22111, polo importe total das facturas.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 04/06/2020 para cada unha das facturas, no que se dí que non constan outros contratos menores dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019 que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo



segundo o tipo de contrato. Existindo consignación no vixente orzamento polo importe total das facturas, na aplicación orzamentaria 20/9201.22111 (ADO: 92020/3179 e ADO: 92020/3180).

Resolución da Presidencia de data 01/09/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 27/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Recambios Infra, S.L. que seguidamente se relacionan:

| Nº FACTURA                             | DATA       | IMPORTE    | CONCEPTO                                                                                                                               | APLICACIÓN | ADO        |
|----------------------------------------|------------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|
| 2019-M-17352 GTM<br>2020/FAC_01/000521 | 30/09/2019 | 2.833,68   | Subministro ao Parque Móbil no mes de setembro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos.                          | 9201.22111 | 92020/3180 |
| 2019-M-19299 GTM<br>2020/FAC_01/000520 | 31/10/2019 | 2.184,51   | Subministro ao Parque Móbil no mes de outubro de 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. | 9201.22111 | 92020/3179 |
| SUMA                                   |            | 5.018,19 € |                                                                                                                                        |            |            |

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 5.018,19 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril,



polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 5 de xuño de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

| ACREDORES             | Nº FACTURA   | DATA     | IMPORTE  | APLICACIÓN |
|-----------------------|--------------|----------|----------|------------|
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-17352 | 30/09/19 | 2.833,68 | 9201.22111 |
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-19299 | 31/10/19 | 2.184,51 | 9201.22111 |
| SUMA                  |              |          | 5.018,19 |            |

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 5 de xuño de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi setembro e outubro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 5.018,19 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:



O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 5 de xuño de 2020 e o aboamento das facturas 2019-M-17352 e 2019-M-19299.”

### Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, á interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

### Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos



fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

| ACREDOR               | Nº FACTURA   | DATA DE EMISIÓN | CONCEPTO                                                                                                                                    | IMPORTE DA FACTURA |
|-----------------------|--------------|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-17352 | 30/09/2019      | Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos.                          | 2.833,68 €         |
| Recambios Infra, S.L. | 2019-M-19299 | 31/10/2019      | Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. | 2.184,51 €         |
| TOTAL                 |              |                 |                                                                                                                                             | 5.018,19 €         |

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Recambios Infra, S.L., por un importe total de 5.018,19 €:

Nº 2019-M-17352 de data 30/09/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de pezas para a reparación e mantemento de vehículos, dun importe total de 2.833,68 €.

Nº 2019-M-19299 de data 31/10/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria, dun importe total de 2.184,51 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á subministración ó Parque Móbil, no mes de novembro do 2019, de produtos para limpeza do alquitrán (ATM) nos vehículos e maquinaria.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 09/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

| ACREDOR              | Nº FACTURA | DATA DE EMISIÓN | REXISTRO DE FACTURAS |           | CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM                                                                                                                          | IMPORTE DA FACTURA |
|----------------------|------------|-----------------|----------------------|-----------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
|                      |            |                 | DATA DE ENTRADA      | NÚMERO    |                                                                                                                                                             |                    |
| Solvinsa XXIII, S.L. | 1000626    | 18/11/2019      | 02/12/2019           | 2019/4499 | Subministración ó Parque Móbil, no mes de novembro do 2019, de produtos para a limpeza do alquitrán (ATM) nos vehículos e maquinaria.<br>2020/FAC_01/000181 | 1.364,88 €         |
| TOTAL                |            |                 |                      |           |                                                                                                                                                             | 1.364,88 €         |

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia do Parque Móbil, de data 13/12/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada pola Presidencia.



Declaración responsable asinada en data 08/09/2020, polo representante de Solvinsa XXIII, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 02/04/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe proposta deste Servizo, de data 01/06/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Os seguintes informes do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 02/06/2020:

Nun deles dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.22110, polo importe total da factura.

Noutro informe, dise que non constan outros contratos menores dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019, que individualmente e/ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato. Existindo consignación polo importe total da factura na aplicación 20/9201.22110 (ADO: 92020/3161).

Resolución da Presidencia, de data 01/09/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 27/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa SOLVinsa XXIII, S.L. que seguidamente se relacionan:

| EMPRESA                                            | Nº FACTURA | DATA       | IMPORTE  | CONCEPTO                                                                                                                       | APLICACIÓN | ADO        |
|----------------------------------------------------|------------|------------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|
| Solvinsa, XXIII, S.L.<br>GTM<br>2020/FAC_01/000181 | 1000626    | 18/11/2019 | 1.364,88 | Subministro ao Parque Móbil nos meses de novembro de 2019, de produtos para a limpeza do alquitrán nos vehículos e maquinaria. | 9201.22110 | 92020/3161 |
| SUMA                                               |            |            | 1.364,88 |                                                                                                                                |            |            |

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.



Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.364,88 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 4 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

| ACREDORES            | Nº FACTURA | DATA     | IMPORTE  | APLICACIÓN |
|----------------------|------------|----------|----------|------------|
| SOLVinsa XXIII, S.L. | 1000626    | 18/11/19 | 1.364,88 | 9201.22110 |
| SUMA                 |            |          | 1.364,88 |            |

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 4 de xuño de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:



Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi novembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.364,88 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 4 de xuño de 2020 e o aboamento da factura 1000626.”

### Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en

semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de



adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

#### Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

| ACREDOR              | Nº FACTURA | DATA DE EMISIÓN | CONCEPTO                                                                                                                              | IMPORTE DA FACTURA |
|----------------------|------------|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Solvinsa XXIII, S.L. | 1000626    | 18/11/2019      | Subministración ó Parque Móbil, no mes de novembro do 2019, de produtos para a limpeza do alquitrán (ATM) nos vehículos e maquinaria. | 1.364,88 €         |
| TOTAL                |            |                 |                                                                                                                                       | 1.364,88 €         |

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Solvinsa XXIII, S.L.:

Nº 1000626 de data 18/11/2019, correspondente á subministración ó Parque Móbil, no mes de novembro do 2019, de produtos para a limpeza do alquitrán (ATM) nos vehículos e maquinaria, dun importe total de 1.364,88 €.

**2º.-** Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Cuarto.-** *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 08/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:



| Nº DE FACTURA | DATA DE EMISIÓN | REXISTRO DE ENTRADA |               | CONCEPTO                                                                                             | IMPORTE    |
|---------------|-----------------|---------------------|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
|               |                 | DATA                | Nº            |                                                                                                      |            |
| Q/0000674     | 31/10/2019      | 08/11/2019          | 2019RPE024635 | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro | 3.499,28 € |
| Q/0000749     | 30/11/2019      | 17/12/2019          | 2019RPE027788 | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro | 153,95 €   |
| Q/0000820     | 31/12/2019      | 07/01/2020          | 2020RPE000172 | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro | 437,85 €   |
| TOTAL         |                 |                     |               |                                                                                                      | 4.091,08 € |

Visto que consta:

As propias facturas relacionadas no punto anterior con dilixencia da Dirección da Granxa Gayoso Castro de data 10/03/2020, de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformadas polo Deputado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 15/07/2020, por Fulgencio Casás Lombao, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias Xustificativas do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, para cada unha das facturas, de data 11/03/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe deste Servizo, de data 20/07/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 07/09/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 01/09/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Fulgencio Casás Lombao, que seguidamente se relacionan:

| Nº DE FACTURA                              | DATA       | IMPORTE                                            | CONCEPTO                                                                                                   | APLICACIÓN | ADO        |
|--------------------------------------------|------------|----------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|
| Q/0000674<br>GTM 2020/FAC-<br>01/000318    | 31/10/2019 | 3.167,24+IVE<br>DEDUCIBLE 332,04<br>TOTAL 3.499,28 | Subministración de alimentación<br>complementaria e mantemento das<br>instalacións de Granxa Gayoso Castro | 4120.22199 | 92020/2309 |
| Q/0000749<br>GTM<br>2020/FAC-<br>01/000319 | 30/11/2019 | 132,94+ IVE<br>DEDUCIBLE 21,01<br>TOTAL 153,95     | Subministración de alimentación<br>complementaria e mantemento das<br>instalacións de Granxa Gayoso Castro | 4120.22199 | 92020/2309 |
| Q/0000820<br>GTM<br>2020/FAC-<br>01/000320 | 31/12/2019 | 397,38+ IVE<br>DEDUCIBLE 40,47<br>TOTAL 437,85     | Subministración de alimentación<br>complementaria e mantemento das<br>instalacións de Granxa Gayoso Castro | 4120.22199 | 92020/2311 |
| SUMA                                       |            | 4.091,08                                           |                                                                                                            |            |            |

Logo de ver a facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:



Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 4.091,08 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 3 de agosto do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coas facturas emitidas por Fulgencio Casás Lombao, con números de factura, datas das mesmas e importes que se reflexan no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 4.091,08€, correspondentes a servizo de subministro de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da granxa:



| EMPRESA                | Nº FACTURA                       | DATA EMISIÓN | CONCEPTO                                                                                      | APLICACIÓN | ADO        | IMPORTE                                      |
|------------------------|----------------------------------|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|----------------------------------------------|
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000674 GTM 2020/FAC-01/000318 | 31/10/2019   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso | 4120.22199 | 92020/2309 | 3.167,24+IVE DEDUCIBLE 332,04 TOTAL 3.499,28 |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000749 GTM 2020/FAC-01/000319 | 30/11/2019   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso | 4120.22199 | 92020/2309 | 132,94+IVE DEDUCIBLE 21,01 TOTAL 153,95      |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000820 GTM 2020/FAC-01/000320 | 31/12/2019   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso | 4120.22199 | 92020/2311 | 397,38+IVE DEDUCIBLE 40,47 TOTAL 437,85      |
| TOTAL                  |                                  |              |                                                                                               |            |            | 4.091,08€                                    |

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 3 de agosto de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Para cumprir as normas de benestar animal é necesario preparar as camas onde se deitan, polo que é necesario a adquisición de pacas de palla e tamén o mantemento das instalacións en perfecto estado, polo que tamén é necesaria a adquisición de diverso material que relaciona na factura.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

| NÚMERO FACTURA                   | IMPORTE   | CONCEPTO: PERÍODO                                                                             |
|----------------------------------|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| Q/0000674 GTM 2020/FAC-01/000318 | 3.499,28€ | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso |
| Q/0000749 GTM 2020/FAC-01/000319 | 153,95€   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso |
| Q/0000820 GTM 2020/FAC-01/000320 | 437,85€   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso |

A cantidade a aboar á empresa ascende a 4.091,08 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2018, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

### Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.



Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

### Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

| ACREEDOR               | Nº FACTURA | FECHA      | IMPORTE   | APLICACIÓN |
|------------------------|------------|------------|-----------|------------|
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000674  | 31/10/2019 | 3.499,28€ | 4120.22199 |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000749  | 30/11/2019 | 153,95€   | 4120.22199 |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000820  | 31/12/2019 | 437,85€   | 4120.22199 |
| SUMA                   |            |            | 4.091,08€ |            |

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Serviplus total S.L., por un importe total de 4.091,08€.

| ACREEDOR               | Nº FACTURA | FECHA      | IMPORTE   | CONCEPTO                                                                                             |
|------------------------|------------|------------|-----------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000674  | 31/10/2019 | 3.499,28€ | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000749  | 30/11/2019 | 153,95€   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro |
| Fulgencio Casas Lombao | Q/0000820  | 31/12/2019 | 437,85€   | Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granxa Gayoso Castro |
| SUMA                   |            |            | 4.091,08€ |                                                                                                      |



2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN 132/2020 DO TACGAL RELATIVA Ó RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NÚMERO 129/2020, RELATIVO Á LICITACIÓN DO SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE INVENTARIOS E INFORMES TÉCNICOS- ECONÓMICOS PARA A IMPLANTACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GASEODUCTOS.**

Dase conta da Resolución 132/2020 do TACGAL relativa ó recurso especial en materia de contratación número 129/2020, interposto por UTE Iurislocalia Consultores Slp e Hijos de Valbuena y Ron, S.L contra a resolución de adxudicación do servizo para a realización de inventarios e informes técnicos- económicos para a implantación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gaseoductos, acordada en Xunta de Goberno de data 10 de xullo de 2020, anulando o acordo de adxudicación e procedendo a retrotraer o expediente ao momento da valoración das ofertas dos licitadores suxeitas a criterios automáticos, debendo puntuarse as mesmas exclusivamente de conformidade coa documentación efectivamente presentada polos licitadores nos sobres C, e excluindo da valoración, a documentación da Unión Temporal de Empresas “Calixto Escariz, S.L., Bigm Civil Engineers, S.L. y Sertogal,S.L., Unión Temporal de Empresas ley 18/1982” referida á Sentenza do Tribunal de Contas e a Sentenza 477/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, e sen que, a maiores, se poida puntuar respecto do criterio referido a “Procesos contencioso- administrativo sen éxito ante os Tribunais superiores de xustiza (1punto)” sentenzas dos Xulgados do contencioso administrativo. A Xunta de Goberno queda enterada.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR**

**AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/007.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/007, correspondente a Isaac Gómez Méndez (Baralla), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,4059 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.202,95 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Isaac Gómez Méndez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Isaac Gómez Méndez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/007, destinada a “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.202,95 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/085.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/085, correspondente á sociedade civil Álvarez y Vázquez, S.C. (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,4144 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.207,20 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Álvarez y Vázquez, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Álvarez y Vázquez, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/085, destinada a

“Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.207,20 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Visto o informe do servizo de Deportes

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral

Visto o informe do Servizo de Intervención.



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2020.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 85.500 € (oitenta e cinco mil cincocentos euros).

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2019-2020.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente e o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobado as bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2019-2020.

**2º.-** Aprobado o gasto correspondente por un importe total de catrocentos corenta mil euros (440.000,00 €).

**3º.-** Aprobado así mesmo os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Dase conta da sentenza nº 39/2020 de 6 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 312/2019-F, seguido a instancia de D. Luis Miguel Notario Iglesias fronte á Deputación de Lugo en materia de función pública; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo desestimar e desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Luis Miguel Notario Iglesias frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 312/2019 ante este juzgado, con intervención en calidad de codemandados de D. José Manuel Cebal Varela, D. Manuel Pillado Rego y D. José Claudio López López, frente a las resoluciones citadas en el encabezamiento de esta sentencia, que se consideran adecuadas al ordenamiento jurídico. Las costas procesales se imponen a la parte actora”*. A Xunta de Goberno queda enterada.



**10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.